

LOS TORTUGA

Belén Funes, 2024

1528

ESTREA EN NUMAX: 23.05.2025 | V.O. | +12 | 109 min

Anabel ten 18 anos, vive coa súa nai, unha taxista chilena emigrada ao barrio de Collblanc hai vinte anos, e estuda comunicación audiovisual en Barcelona. Pero o seu futuro está a piques de mudar para sempre. A inmobiliaria do piso de aluguer no que viviron sempre infórmaos de que teñen que abandonar o edificio que foi adquirido por un fondo voitre.

«Deslumbrante confirmación de Belén Funes pola súa capacidade para a reflexión e o asombro, para a cólera e a serenidade, para a furia e o soño»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Belén Funes: «O que queríamos era non romantizar a cidade pero tampouco o campo»

Por Gemma Rivera

En *Los Tortuga* o dó abórdase cunha delicadeza e unha verdade que conmove. Como foi o proceso de construír esa dor silenciosa nos personaxes de Delia e Anabel? Aínda que a película non é autobiográfica, si que o que tento cando fago películas é atoparme a min dentro de cada proxecto e tentar situar á xente que coñezo, como poñer aí dentro o meu mundo. Neste caso, a forma de tratar o dó foi un pouco inspirándonos en como se viviu na miña familia historicamente, é dicir, desde onde o experimentamos, que significou o silencio nestes momentos e tamén como tentamos lidar con el, habendo atinado e fallado. Evidentemente, as pelis sempre é mellor facelas sobre os erros que sobre os acertos (sorrí).

A película ten unha textura case documental, algo que xa vimos en *La hija de un ladrón* (2019). Como traballas ese realismo desde a dirección? É curioso porque o realismo é algo extremadamente construído. Parece que o realismo é que ti pos unha cámara, vas tomar algo e cando volves revisas o material e todo iso sucedeu. No fondo é algo que ten moitísima construción previa e creo que depende de moitos factores. O naturalismo empeza e arrinca autenticamente na escritura do guión. Pretendemos ser moi realistas e tentamos crear unha posta en escena que lle dese moita prioridade aos personaxes e non tanto ás ideas de dirección quizais. E non esquezamos os nenos, que son importantísimos para traer o realismo ás películas.

A interpretación de Antonia Zegers e o descubrimento de Elvira Lara son fundamentais. Como foi dirixilas? Foi un proceso moi longo. É unha película que está super ensaiada, super falada. Démoslle mil voltas ao guión durante os ensaios. Primeiro atopabámonos moito a distancia vía Zoom porque Antonia estaba en Chile e nós en Barcelona. Co tempo foi como ir atopándolle a voz aos personaxes. Queríamos atopar como se relacionaban Anabel e Delia sendo nai e filla e queríamos salientar o que se xera no medio das dúas, que é este universo maternofilial e é o que me parece que ten moita potencia na película.

Que te leva a apostar por rostros non profesionais e como inflúe iso no proceso de rodaxe? Nesta película hai actrices moi importantes, pero tamén é unha película onde hai moitísima xente que se está poñendo diante da cámara por primeira vez. Por exemplo, todas as taxistas é a primeira vez que actúan ou que saen nunha película. Igual que os agricultores, pois toda a familia de Xaén tampouco son actores. Procuramos sempre facer ese mix entre actores profesionais e actores que non o son. Desta forma xeramos un universo que poida ser crible.

Desde as oliveiras de Xaén ata a Barcelona máis urbana... Que papel xoga o espazo xeográfico na construción do duelo e da identidade das protagonistas? Pois un espazo é un pouco espello do outro. Fixemos un retrato algo pesimista, pero real. O que queríamos era non romantizar a cidade, porque é un lugar agora mesmo moi hostil; pero tampouco queríamos romantizar o campo e tratalo como un lugar de soño e de felicidade. O campo, evidentemente, tamén é un lugar que está en pura decadencia. E o mesmo pasa co pobo andaluz, porque a min cánsame moito que sempre pareza que todo é sol e bicicletas, cando en realidade alí é moi difícil gañarse a vida. Hai un momento en que o personaxe de Mamen Camacho di “Isto é unha ruína”. Si, todo é unha ruína. Non só o campo e a cidade, senón todo en conxunto.